



CONCURSO INTERNACIONAL DE DESEÑO DO CARTEL OFICIAL PARA O FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA DO ANO 2008, CORRESPONDENTE Á XXIV EDICIÓN.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

As presentes Bases teñen por obxecto a regulación dun concurso internacional para o deseño do Cartel Oficial do Festival Internacional do Mundo Celta do ano 2008.

OBRA A PRESENTAR:

1.- CARTEL OFICIAL DO FESTIVAL.-

Neste concepto englobase a presentación do cartel principal, creativo, coas condicións e requisitos sinalados nas presentes bases.

2.- DESEÑOS E ADAPTACIÓNS.-

O gañador deste concurso está obrigado , no prazo de 15 días desde a data da notificación persoal da decisión, a presentar ao Concello as seguintes adaptacións do cartel gañador:

2.1.- cartel con insercións publicitarias e actuacións musicais.

2.2.- documentods de promoción do Festival, segundo as medidas e características que se faciliten.

2.3.- adaptación do cartel para a súa gravación en camisetas e demais produtos promocionais do Festival, en varios tamaños e tipos, cun deseño a dous, tres e catro cores.

Os datos e características para as adaptacións serán facilitados polo Concello.

3.- Non se establece límite no número de obras que se presenten.

SEGUNDA.- Participantes:

Poderán participar no concurso tanto persoas físicas como xurídicas, individualmente ou en equipo.

TERCEIRA.- Tema, características técnicas, rotulación e lema:

A.- Tema:

A.1.-O asunto das obras presentadas deberá referirse ao Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, en calquera dos seus aspectos. O autor/es intentarán plasmar feitos ou referencias do Festival na proposta, destinada a ser utilizada como imaxe oficial do certame na campaña de publicidade exterior.

A.2.-Poderán consultar a documentación e imaxes que estimen adecuadas e acceder aos carteis das edicións anteriores, se o desexan, na páxina web do Festival www.festivaldeortigueira.com , Concello de Ortigueira , (www.concellodeortigueira.com)

A.3.-Os traballos han de ser orixinais e inéditos, non tendo sido presentados a outros concursos e os seus autores serán responsables ante o Concello e fronte a

terceiros, do cumprimento do establecido nestas bases. O incumprimento deste apartado dará lugar á exclusión do concurso, ademais das consecuencias legais que puidesen esixirse.

A.4.-No caso de que os carteis conteñan algún tipo de elemento non orixinal, para ser adaptado na presentación do traballo orixinal, o autor/es deberán dispoñer dos dereitos de reprodución pertinentes que terán que presentar co resto da documentación.

B.- Características técnicas:

B.1.-As obras a concurso deben ter sido realizadas exclusivamente mediante soportes dixitais, se ben serán de concepción e técnicas libres. Non se admitirán obras elaboradas con sistemas non dixitais, tales como acuarelas, óleos, plumiñas, etc.

B.2.-Os carteis presentaranse montados a sangue sobre cartón pluma ou soporte ríxido, de entre 1 y 2 cm. de espesor, sen cristal protector nin marco. O seu formato será vertical e o tamaño será de 50 cm. de ancho x 70 cm. de altura.

B.3.-Como é obrigatoria a elaboración dixital dos traballos, os autores deberán aportar o correspondente soporte dixital ou similar con todos os ficheiros necesarios para a obtención de fotolitos, unha ficha técnica dos procedementos empregados, incluíndo as fontes utilizadas e, se fose o caso, os orixinais das imaxes dixitalizadas no seu formato tiff, jpeg ou outros de uso público.

B.5.- Non se admitirán imaxes dixitalizadas en formatos de programas sometidos a dereitos e/ou licenzas de uso que non permitan o uso público destes.

B.6.- Non se establecen límites na composición artística dos carteis, quedando á total liberdade dos seus autores a elección de cores e o número destes, representacións gráficas, motivos pictóricos, etc.

C.- Rotulación

C.1.- No caso de que o autor/ es do traballo estimen necesario ou adecuado incorporar algunha rotulación ou lenda, esta deberá ser necesariamente algunha das propias do Festival ou do Concello, para o cal o Concello autorízaos expresamente e que son as seguintes:

logotipo oficial do festival,



nome e grafía oficial,

festivalOrtigueira

escudo ou nome do Concello



Todos estes modelos poden descargarse desde as páxinas web do Festival do Mundo Celta e do Concello de Ortigueira, nos enderezos antes sinalados.

Estes modelos poden ser modificados exclusivamente en tamaño, debendo respectar en todo caso as formas.

D.- Lema:

Na parte traseira dos traballos figurará un lema que servirá para preservar a identidade do autor ata a decisión do Xurado. O lema deberá incorporar necesariamente unha serie de catro números aleatorios, ademais do texto correspondente, os cales axudarán a evitar a coincidencia de lemas entre diferentes traballos.

CUARTA.- Premios:

Establécese un premio único de 6.000 euros.

Os gañadores quedan sometidos ás disposicións fiscais vixentes, especialmente no referente ás retencións fiscais, que serán aplicadas polos Servizos Económicos do Concello.

QUINTA.- Presentación:

5.1.- O prazo de recepción dos traballos comezará o 24 de marzo de 2008, ás 9:00 horas e finalizará o 4 de Abril de 2008, ás 14:00 horas.

Para a recepción de envíos por correo só se admitirán aqueles traballos que se reciban ata o 10 de Abril, sempre e cando fosen enviados dentro das datas sinaladas para a recepción dos traballos e así se acredite mediante adianto por Fax ao número de España 981400008 do xustificante de recepción emitido por correos (sen que exista mención ningunha do remitente) sinalando no mesmo a participación no concurso de carteis para o Festival Internacional do Mundo Celta na súa XXIV edición, xunto co lema que servirá para preservar a identidade do autor ata a decisión do Xurado.

Non se admitirán traballos antes da data de recepción sinalada.

5.2.- Os traballos presentaranse ou enviaranse, debidamente embalados, a
Concello de Ortigueira de Ortigueira,
“referencia Concurso Cartel Festival Celta 2008”

Praza de Isabel II s/nº
15330 Ortigueira -A Coruña- España ,

en días hábiles de 9:00 a 14:00 horas, onde se expedirá, a petición, recibo acreditativo da súa presentación.

5.3.-Os participantes deberán presentar as obras a concurso con suxeición ás medidas e materiais sinalados nestas bases e coa lenda correspondente.

Ademais presentarán obrigatoriamente e acompañando ás obras concursantes:

A.- Un sobre cerrado, SOBRE A, cos datos persoais dos autores:

- Nome, apelidos, enderezo, teléfono, email e datos que poidan facilitar o contacto.
- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que sinala a identidade do autor.



- Declaración xurada de que o traballo é orixinal e inédito e de que non foi presentado a ningún outro concurso.
- No caso de utilizar elementos non orixinais, deberá adxuntar tamén declaración de que o titular dos dereitos do elemento en cuestión o autoriza a utilizalos neste cartel.
- Declaración expresa de aceptación das bases do concurso e de aceptar a resolución do Tribunal, renunciando expresamente ao exercicio de calquera tipo de reclamacións contra as resolucións deste.
- No caso de que o autor desexe manter o anonimato durante todo o proceso do concurso, deberá sinalalo expresamente, se ben unha vez finalizado este e coñecido o gañador, o Concello poderá facer público os nomes dos participantes.

B.-Un sobre cerrado, SOBRE B, onde se incluírán os soportes dixitais das obras presentadas, marcados tamén coa lenda da obra.

5.4.- No exterior dos sobres aparecerán, en letras maiúsculas, o mesmo lema que figure na obra presentada e o nome do sobre correspondente, sen constar alusión ningunha que permita identificar ao concursante. É causa de exclusión do concurso o incumprimento destas normas.

5.5.- Nas obras enviadas por correo ou axencia de transportes farase constar o día e hora da súa entrega, sen que exista mención ningunha do remitente.

SEXTA.- Xurado

6.1.- A selección e concesión do premio do concurso realizarase a proposta dun xurado nomeado por Alcaldía-Presidencia do Concello. O xurado estará constituído por un presidente, un vicepresidente e 5 vogais nomeados pola Alcaldía, dos cales, polo menos 2, serán escollidos de entre artistas ou deseñadores de recoñecido prestixio. Actuará como Secretario do xurado o do Concello.

6.2.- O Xurado constituirase e reunirase co obxecto de emitir a súa decisión. En primeiro lugar, comprobará unha a unha todas as obras presentadas para verificar o efectivo cumprimento das condicións establecidas nas presentes bases e, en consecuencia, pronunciarse sobre a súa admisión definitiva. Verificará as medidas dos traballos presentados, a existencia da lenda e a existencia dos sobres A e B. Así mesmo abrirá o sobre B para verificar a existencia dos soportes dixitais.

En ningún caso poderá abrirse o sobre A, que contén os datos persoais dos autores e o conxunto das declaracións.

Este abrirase unha vez determinado o gañador do concurso.

Poderán ser excluídas aquelas obras que

1.- Non cumpran coas medidas, tamaños ou materiais esixidos e resulten desproporcionadas.

2.- Non acompañen os sobres A e B.

3.- Cheguen fóra de prazo nos termos que establece a base 5.1.

4.- Atenten contra os principios constitucionais do Estado.

6.3.- O xurado, para formular a súa proposta de concesión do premio, valorará, ademais da concepción, a súa calidade gráfica ou plástica, a súa eficacia anunciadora ou informativa e as súas condicións de reprodución.

6.4.- O xurado poderá declarar deserto o premio no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúne os méritos suficientes para ser premiado.

6.5.- As decisións do xurado serán, en todo caso, inapelables. Os concursantes, polo mero feito de participar neste concurso, renuncian expresamente ao exercicio de calquera tipo de reclamación contra as resolucións deste.

6.6.- Seleccionado o gañador, procederá a abrirse o SOBRE A, verificando a existencia da documentación requirida. No caso de ser esta defectuosa, poderá optarse por dar un prazo para completala ou por eliminar a obra, seleccionando unha nova obra como gañadora.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta do premio que corresponda outorgar.

6.7.- A decisión do xurado farase pública, xunto cos nomes das persoas que o compoñan, no Taboleiro de Edictos deste Concello, sen prexuízo da correspondente notificación ao gañador do concurso e da súa publicación polos medios que o Concello estime oportunos.

SÉTIMA.- Selección de obras.-

1.- Unha vez adoptado a decisión, o xurado realizará unha selección das obras presentadas e admitidas a concurso, coas que o Concello poderá organizar actos de difusión cultural, incluíndo exposicións, publicacións, etc.

OITAVA.- Traballo premiado.-

1.- O traballo premiado pasará a converterse en propiedade exclusiva do Concello de Ortigueira. Poderá ser reproducido para anunciar o evento e facer o uso promocional que se estime conveniente, con mención do seu autor ou autores, aínda que non faga referencia directamente ao festival.

2.- O Concello queda facultado para introducir modificacións no cartel premiado se existise algunha dificultade técnica para a súa impresión ou fose necesario adaptalo para o seu uso noutros soportes promocionais ou artísticos, incluída a reprodución total ou parcial do traballo.

NOVENA.- Traballos non premiados.-

1.- Os traballos non premiados poderán ser recollidos ou reclamados a portes debidos, previa solicitude dos seus autores que figuran no sobre A, vía Fax, , unha vez resolto o concurso e realizada a exposición pública destes, dentro dos 30 días seguintes á finalización da dita exposición.

2.- Se no prazo indicado non se retirasen, entenderase que os seus autores renuncian á súa propiedade a favor do Concello de Ortigueira, que poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis conveniente, que poderá incluír, entre outras medidas, a súa edición ou impresión por parte deste Concello.

3.- Todas as obras participantes non premiadas poderán ser reproducidas polo Concello de Ortigueira, na súa calidade de obras presentadas ao concurso.



DÉCIMA.- Publicidad.-

1.- A convocatoria e as súas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos desta Corporación. Así mesmo anunciarase nas páxinas web do Concello de Ortigueira (www.concellodeortigueira.com) e do Festival Internacional do Mundo Celta (www.festivaldeortigueira.com) e fomentarase a súa promoción internacional.

No caso de versións destas bases traducidas a diversos idiomas, só a versión en castelán fará proba de orixinal.

2.- Os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse unicamente no Taboleiro de Edictos do Concello de Ortigueira e na páxina web do Festival (www.festivaldeortigueira.com).

UNDÉCIMA.- Normas finais.-

1.- O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por parte de todos os concursantes das presentes bases na súa totalidade.

2.- En todo o non previsto nestas Bases, os órganos competentes do Concello, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso.

O ALCALDE,

Asdo: